

LINGUA GALEGA-UNIDADE 15-Quincena do 25 de maio ao 9 de xuño.

PROGRAMACIÓN DIARIA:

LEMBRADE: A sesión máxima é de 40 minutos. O que non se acabe nese tempo, pódese facer no día seguinte, ou nun momento diferente do día (como si foran os deberes da casa...).

26/5:

Páx. 212/213: Lectura U15, “A nena foi á Lúa”

- Lectura seguindo as indicacións de quincenas anteriores.

Páx. 214: Comprensión lectura. Atención á boa orde da letra.

Páx. 215: Ex. 4. Uso dos contrarios.

27/5:

Páx. 216: “Vai de soños”. Uso das palabras que dan a orde dunha narración, e dos verbos e accións.

- Escribir as accións, facendo frases completas (con verbo e complementos axeitados a cada acción da nena).

DESAFÍO para DESTEMIDOS/AS: No canto de seres Rosalía a protagonista da historia, vou ser EU... Onte tiven un soño no que facía varias cousas moi divertidas... Penso e escribo, primeiro frase soltas, e logo o organizo coma no modelo coidando a miña letra.

Fago o debuxo das distintas escenas

28/5:

Páx. 217: Traballamos o uso da interrogación. OLLO, en Galego vai SÓ AO FINAL!

- Practicamos a diferente entonación dunha oración segundo sexa enunciativa, rematada en punto (.), ou interrogativa (?).
- Ler o ditado, e buscar (?). Logo copiamos e debuxamos.
- Pódese, para os que len con máis soltura, facer o ditado ao modo clásico.

COMPLEMENTARIAMENTE:

- Escribimos preguntas para unha resposta que propoñemos. Prestamos atención ao uso do signo (?)

- As respostas/preguntas, poden ser referidos a eles mesmos.

29/5:

Páx. 215: Lectura do Pequeno Teatro (coas indicacións de quincenas anteriores).

- É importante que entren en tempo la lectura e entoen axeitadamente as súas frases.

DESAFÍO: Contar a acción do diálogo en forma de narración, onde cada un tome o papel de Rosalía (p. ex.. no canto de “Rosalía deulle...”, diría “Eu dixen ...”). Podería introducir na historia os cambios que máis lle gusten para facela súa.

IDEAS METODOLÓXICAS: Pensar primeiro unhas frases curtas. Escribilas nun papel. Logo unilas mediante expresións de tempo (Ao principio, máis tarde, logo, ao final, ...).evisar os erros, escribilas en limpo coidando a caligrafía, as pausas (.). Ao rematar, facer o debuxo.

2/6:

Páx. 218: Lectura de “O chifre” de Manuel María (Os soños na gaiola).

- Facemos a comprensión.
- Facemos a copia da poesía e a ilustramos. Prestamos atención a separar as estrofas, facer boa letra. Podemos usar papel con dobre pauta (como nos cadernos e o libro) escribindo sen se saír das marxes.
- O que se atreva, pode facer a copia con bolígrafo (Ollo, hai que ter máis coidado!)

OPCIONAL: Investigar por Internet algunhas poesías máis do libro “Os soños da gaiola”, que se poderían copia e ilustrar, así como algunhas cousiñas sobre Manuel María (hai pouco se lle dedicaron as Letras Galegas...) Se poden buscar as poesías musicadas por Suso Bahamonde.

3/6:

Páx. 219: Como é algo? Como son?

- Falamos das calidades das cousas (atributos, sempre van con SER: é, era, eran, son ...)
- Atención nas actividades ao verbos, e o xénero e número (p. ex.: As nenas son rubias, O neno é castaño,...)

COMPLEMENTARIAMENTE: Collemos obxectos ou personaxes próximos, coñecidos, etc., e describimos como son. Por ex.: O meu coche é pequeno, A miña casa é grande, Os avións son rápidos ...

4/6:

Páx. 210: Visita ao Museo.

- Lemos as preguntas, as contestamos oralmente observando a lámina.
- Ollo! Fixarse nos rótulos, indicacións e direccións (esquerda, dereita, etc.)

OPCIONAL: Copiar as preguntas (a “boli” quen queira) e escribir as respostas. Se usamos o caderno de pauta, prestar atención a separar preguntas e respostas en liñas diferentes.

Páx. 211: Observacións ás actividades:

- Ex.1: Como non temos a gravación, usando os rótulos imaxinamos unha posible visita ao museo. Con atención, que marquen os números correspondentes.
- Ex.3: Lemos as palabras. Ten que marcar a que o **X** sone distinto . Ollo, a palabra REFLEXO, lese REFLECSO, coma o **X** en castellano. A palabra distinta é VIAXE.
- Ex.4: Oralmente.

5/6:

Páx. 220: Fixámonos no plano, numeramos na orde que queiramos, e logo, completamos o texto. Ollo a non esquecerse de repasar os puntos, e BOA LETRA.

Páx. 221: Construimos as frases, atendendo ao uso do **é**, **son**. Logo as copiamos onde corresponda con boa letra.

- Ex.3: Pensar primeiro, facer un borrador, e logo copiar con boa letra.

Enlaces para achegarse a diferentes interpretacións e información sobre “Os sonhos na Gaiola” de Manuel María:

- <https://www.youtube.com/watch?v=yB0BB4oeMuc>
- <https://www.youtube.com/watch?v=U92we-SbP6U>
- <https://www.youtube.com/watch?v=JIJBRIpt1SA>
- <http://bibliotkrc.blogspot.com/2016/01/venres-de-poesia-manuel-maria-do-libro.html>